

## Unha historia verdadeira, de David Lynch



**Tít. orixinal:** The straight story

**Ano:** 1999

**Duración:** 111 min.

**País:** Estados Unidos

**Dirección:** David Lynch

**Guión:** John Roach, Mary Sweeney

**Música:** Angelo Baladamenti

**Fotografía:** Freddie Francis

**Reparto:** Richard Farnsworth, Sissy Spacek, Harry Dean Stanton, Everett McGill, John Farley

**Producción:** coproducción USA-Francia; Le Studio Cana+ / Les Films Alain Sarde / Picture Factory & Film Four

**Xénero:** drama. Road movie

**Sinopse:** Alvin Straight ten 73 anos, é viúvo, vive en Iowa coa súa filla discapacitada Rose, padece un enfisema pulmonar, ten problemas de visión e de cadeira e acaba de sufrir un brusco desfalecemento. O médico lle recrimina a súa mala alimentación e o pouco que coida da súa saúde. Cando aínda está convalacente e necesita dúas muletas para calquera desprazamento, recibe unha chamada que alerta do grave estado de saúde de Lyle, o seu irmán maior, con quen non se fala dende hai dez anos. Ao coñecer a nova, Alvin decide emprender unha viaxe en solitario ata Wisconsin, onde vive Lyle, co único medio de transporte que ten ao seu alcance: unha segadora.

### CRÍTICA, por Ismael Alonso

(tomado de <http://www.labutaca.net> )



A velocidade inunda a nosa vida. Coches rápidos, imaxes aceleradas e prazos apremantes que o único que fan é impedirnos pousar a mirada sobre o aparentemente sinxelo e concedernos a oportunidade de analízalo cun mínimo detemento. A visión fugaz dunha paisaxe impide sentilo e vivilo. Cada época ten o súa orde e a súa lei e cada época ten os seus transgresores, os seus rebeldes. Alvin Straight abandona o código da velocidade e, avanzando a contracorrente, rebélase contra esa visión do mundo que parece estar baseada en correr cara adiante sen pararse a pensar. Alvin Straight prefire tomarse o seu tempo, non porque non teña presa senón porque non ten ese tipo de presa que parece ditada pola tecla de avance rápido dun mando a distancia vital. David Lynch ten feito o mesmo ao longo de toda a súa carreira: marcarse un paso, non máis lento nin máis rápido que o que ditaba o cine do seu tempo, sinxelamente diferente. Alvin Straight e David Lynch teñen unha medida distinta das cousas e, afortunadamente, a comparten connosco.

Tras o hábil xogo de palabras do título orixinal (o apelido do protagonista xoga coa rectitude moral e física da súa traxectoria) atopámonos cunha gran película apuntalada sobre a solidez, a teimosía e a mesma natureza do ser humano nun escenario sinxelo pero non simplista. Pode que "Unha historia verdadeira" remita a unha América rexida pola natureza, polo traballo, pola honestidade cotián ou polas costumes sinxelas, pero non por elo se trata dun retrato falso nin bucólico. A mentira, a morte e o dolor son tratados na película pero dende un enfoque naturalista, sen espaventos, como algo irremediable e xa pasado. Neste aspecto, Alvin Straight, no seu lento deambular polo

Medio Oeste considérase como unha figura case anxelical disposta tanto a escoitar como a ser escoitado e preparado igualmente a purgar as súas propias faltas e axudar a emendar aos demais. Lynch preséntanos un home que non ten presa porque teme, quizais, que precipitando o seu camiño precipitará tamén o seu final. A súa historia é o seu camiño, non importa tanto a orixe e o destino como o traxecto en sí, un camiño de reflexión (acerca de Deus, da súa familia, da guerra) e, á vez, de expiación sobre o que lle tocou vivir.



Neste sentido a peculiar película de Lynch adoce dun certo maniqueísmo, e pode dar a sensación de estar contemplando a un "Autoestrada ata o ceo" de calidade, pero esta impresión desaparece rápido ao conxuntarse un extraordinario intérprete, Robert Farnsworth, veteranísimo actor nomeado aos Óscar, e un non menos extraordinario director. Ambos, arroupados pola música de Angelo Baladamenti e a fotografía de Freddie Francis elevan o que podería terse convertido nunha historia

chea de boas intención nunha película chea de bos resultados. A mestría visual de Lynch xogando tanto coa sensibilidade como coa ironía (lémbrese ese plano-guía onde o protagonista avanza cara unha estrada que se estende recta ata o horizonte, e a cámara se eleva esperando captar a estela do audaz viaxeiro para a continuación volver a baixar e comprobar que este apenas se ten desprazado uns metros).

Non paga a pena pasarse toda a metraxe tentando buscar neste traballo o suposto "estilo Lynch", ir tras a pegada, axexar o vestixio que caracterizou a este autor tan persoal soamente proporcionará decepcións: non porque "Unha historia verdadeira" non teña trazos *lynchianos* (que os ten, a muller dos cervos, os mecánicos xemelgos e incluso o comezo do film apuntan cara ese lado) senón porque sería preferible contemplar a película coma unha lóxica continuación da obra do autor de "Estrada perdida" ou "Eraserhead", é dicir, coma un retrato da sociedade americana que o director coñece. A América de "Blue Velvet" non é antagónica da de "Unha historia verdadeira", senón complementaria.



"Unha historia verdadeira" ten a vantaxe de ser cine que se saborea e que se sente, e isto grazas a que imprime un ritmo que permite deter a mirada no detalle e no xesto de forma que, probablemente, nada se nos escapa e podemos apreciar o percorrido do protagonista en todas as súas facetas. A película proporciona a agradábel sensación de encher, non soamente a pantalla, senón ao espectador mesmo colmándoo de sensacións non por sinxelas menos valiosas.